

# A procura do tesouro

**Marica Campo**

*Artigo gañador do VI Premio a artigos xornalísticos normalizadores Concello de Carballo 2010*

É ben coñecido o conto aquel dun pai que, tendo uns fillos nugalláns, decidiu darlles unha lección póstuma e asegurarlles así o futuro. Anunciáballes no testamento a existencia dun tesouro nas terras que herdaban. Os fillos, movidos pola ambición, deixaron atrás a preguiza e dedicáronse en corpo e alma á procura do tesouro. Cavaron e cavaron até converter os terreos ermos nun verxel. Non tardaron en se decataren de que o achado era a feracidade daquelas terras.

Se cadra a nós tamén nos teñen falado do tesouro que é a nosa lingua propia, o galego; mais non acreditamos na verdade do anuncio. Coidamos que se trata dunha cuestión puramente sentimental, afastada da razón práctica. Unha atadura ao pasado que non leva a ningures. A onde nos trouxo este pensamento é doado de constatar. Os bens que pode xerar unha maior identificación co noso están aínda sen explorar abondo. Non parece errada a idea de que coa lingua recuperaríamos o orgullo de sermos nós e, co orgullo, a capacidade de pensarmos unha Galiza menos dependente, máis creativa e, daquela, máis próspera. Nesta órbita se moveu o pensamento de Pondal e, consonte ao que deixou escrito, non semella apócrifa a súa resposta á pregunta de por que non prospera Galiza: «Porque renunciou á súa lingua».

O noso eido, como o do conto, está inculto e cheo de malas herbas. Estas son os prexuízos que inzaron por toda a parte e impiden a puxanza dos gromos, que os hai.

Entre as ortigas do pailanismo que nos leva a considerar superior todo o que vén de fóra, pugna por se abrir paso cara á luz a planta da conciencia dun pobo que ten na fala de seu o máximo expoñente e o máis puxante motor. Fronte aos saramagos do autoodio, a autoestima tenta o seu camiño. Mais unha especie nova vén sumarse ás que afogan o seu crecemento. Chámanlle imposición e compáranas coa que se fixo do castelán outrora. A falacia do argumento evidénciase cun símil que pode parecer antigo: Non é o mesmo destronar un rei lexítimo que repoñelo no seu trono. Certamente non leron a Paulo Freire na súa *Pedagogía do oprimido*, perfectamente aplicábel ao caso do galego. Segundo o autor brasileiro explica, mentres o opresor lle impide ao oprimido *ser*, o oprimido loita por este dereito. E, o que non é menos

importante, os opresores, a prohibir que os outros *sexan*, non poden á súa vez *ser*. Daquela, ao retirarlles o poder de esmagar, restáuraselles a humanidade que perderon no uso da opresión.

Cómpre, xa que logo, unha revolución ecolingüística para erradicar as malas herbas e achar o tesouro. Temos o plano ben trazado coas palabras dos que nunca esqueceron a súa situación, Novoneyra por exemplo: «Recóllote da TERRA, estás mui fonda». Temos a forza do amor para converter a que tería que ser, en orixe, lingua materna, en lingua filial, amical, do ensino, do traballo e dos negocios. Se a cadea de transmisión quebrou na natural sucesión de elos, é preciso recompoñela como *sexa*, mesmo deixando á parte a súa configuración lineal e converténdoa en rosa dos ventos. Si, a sinalar todos os rumbos da existencia, a conxurar a pauliña de séculos que nos afastou do noso ser auténtico e nos desherdou.

Porque sucede que, por moito que teimemos en ignoralo, as cousas do corazón e as cousas de comer están misteriosamente unidas. Mais sucede tamén que aquelas son as primeiras no acontecer dos feitos.